

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA MATERIA

Área	RELIXIÓN CATÓLICA		Páx.	1
Curso/Ciclo	1º Curso de Educación Primaria			
Profesor/a	Hermitas Villanueva Martínez			
CONTIDOS				
1.ª AVALIACIÓN	2.ª AVALIACIÓN	3.ª AVALIACIÓN		
<p>Temas 1-3</p> <p>Deus regálanos o mundo</p> <ul style="list-style-type: none"> • Deus é un Pai Bo que dá ás persoas o agasallo da Creación. • A importancia do mundo no que vivimos: o asombro ante a creación. <p>Deus escóllenos</p> <ul style="list-style-type: none"> • O home, obra mestra da Creación. <p>Relato da Creación do home e a muller</p> <ul style="list-style-type: none"> • Deus escolleu ás persoas para coidar a creación. <p>Deus elixe ao ser humano para que sexa feliz.</p> <p>Deus faise un de nos</p> <ul style="list-style-type: none"> • O significado salvífico do nacemento de Xesús. • A familia de Xesús, unha familia como todas as demais 	<p>Temas 4-6</p> <p>Deus está ao noso lado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Deus fala aos homes como amigos • As persoas falan con Deus como a un Pai e amigo. <p>A oración do Noso Pai.</p> <p>Deus fálanos como amigos</p> <ul style="list-style-type: none"> • Deus é amigo das persoas. <p>A importancia de ter amigos.</p> <ul style="list-style-type: none"> • A Biblia é o libro onde Deus fala aos homes como amigos. <p>Xesús entréganos o seu amor</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xesús morreu para nosa salvación. • Xesús ensina a amar. <p>Xesús ensínanos a axudar.</p>	<p>Temas 7-9</p> <p>Quen é Xesús?</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xesús, o fillo de Deus faise home, vive e crece nunha familia. • Xesús dedicou a súa vida a ensinar e axudar aos demais. <p>A Igrexa, a familia de Xesús</p> <ul style="list-style-type: none"> • Na Igrexa os cristiáns ámanse uns a outros como Xesús dixo. Nas familias ámanse uns a outros. • O mandato de Xesús do amor a todos. O amor aos demais é o sinal dos cristiáns <p>Celebrar e amar</p> <ul style="list-style-type: none"> • O domingo, día dedicado ao Señor. • A vida dos que forman a Igrexa. 		
OBXECTIVOS				
<p>Recoñecer os elementos da natureza.</p> <p>Tomar conciencia do amor e coidado que Deus Pai lle ten ás persoas.</p> <p>Desenvolver comportamentos para practicar o valor da alegría.</p> <p>Comprender os comportamentos para a celebración do Nadal cristián.</p> <p>Descubrir a importancia que ten realizar xestos de amor.</p> <p>Desenvolver estratexias para falar con amor e respecto.</p> <p>Tomar conciencia da importancia de practicar o valor da paz.</p> <p>Descubrir as diferentes actividades que se realizan en Semana Santa.</p> <p>Tomar conciencia da importancia de colaborar na familia.</p> <p>Recoñecer as festas cristiás do seu contorno.</p>				
METODOLOXÍA				
<p>Será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, que combina as actividades individuais coas de grupo, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación práctica á vida diaria, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.</p> <p>Promovendo a importancia do alumnado mediante lecturas en voz alta, presentación en público dos traballos, exposición dos contidos e pór en xogo as súas capacidades de concentración, escoita, memoria auditiva, expresión corporal e imaxinación.</p> <p>No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais. • Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas, e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara. • Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal. • Círculos de aprendizaxe. • Exposición do profesorado. 				
CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE				
<p>1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao ser humano.</p> <p>2. Valorar que o ser humano é o máis importante da Creación de Deus.</p> <p>3. Valorar o nacemento e a vida de Xesús como un feito fundamental para a vida de todas as persoas.</p>		<p>1.1. Manifesta agradecemento a Deus Pai pola natureza a través de debuxos, oracións, xestos en clase...</p> <p>2.1. Coñece e distingue as obras de Deus e as obras dos seres humanos.</p> <p>3.1. Coñece o sentido salvífico do Nadal.</p>		

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA MATERIA

<p>4. Recoñecer e apreciar o coidado e comprensión de Deus cara aos homes.</p> <p>5. Coñecer e valorar as normas que Deus deu ao ser humano para ser feliz</p> <p>6. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.</p> <p>7. Valorar a actividade de Xesús como norma de vida para todo ser humano.</p> <p>8. Valorar a importancia do amor como fundamento da Igrexa e da familia.</p> <p>9. Valorar o domingo como o día do Señor.</p>	<p>4.1. Valora a actitude permanente de acollida de Deus cara aos homes.</p> <p>5.1. Coñece que Deus deunos uns mandamentos.</p> <p>6.1. Coñece e describe os feitos e as palabras da última cea.</p> <p>7.1. Coñece expresións e frases da predicación de Xesús.</p> <p>8.1. Coñece que o amor é o característico de toda familia.</p> <p>9.1. Coñece e expresa o sentido do domingo.</p>
---	--